

TI CONTAS

All of you are part of this



CEIP ALBORADA 23/24



ÁMBITO Artístico.

“Paisaxes en movemento”.Taller de perspectiva e Stop Motion.

1.-IDENTIFICACIÓN	
TÍTULO DA TAREFA: – “Paisaxes en movemento”.	
ETAPA: PRIMARIA	NIVEIS: 5º E 6º
ÁMBITO / ÁREAS: Ed. Artística	PROFESORADO: Sara López Souto Joaquín Arias Moldes
DESCRICIÓN DA TAREFA: Realización dunha paisaxe en perspectiva cun punto de fuga, e posterior utilización desa lámina como fondo para elaborar un pequeno vídeo utilizando a técnica do Stop Motion.	
<p>XUSTIFICACIÓN:</p> <p>A elaboración desta tarefa ofrece unha oportunidade para integrar contidos artísticos no contexto educativo do noso centro. A través desta actividade introduciremos ao alumnado no coñecemento do debuxo técnico, por medio da elaboración dunha produción propia na que aplique a perspectiva cun punto de fuga. Así mesmo, iniciaremos ao alumnado na arte audiovisual a través da realización dun vídeo utilizando a técnica do Stop Motion, engadindo algún elemento móbil á lámina previamente feita, considerando en todo momento a perspectiva.</p> <p>Desta forma, fomentaremos a creatividade e favoreceremos a expresión do alumnado a través de diversas formas da linguaxe artística, tanto a través de técnicas pictóricas como de técnicas audiovisuais.</p>	

CONTEXTO:

Este taller levarase a cabo na Aula de Audiovisuais durante unha xornada lectiva de 4 horas cos seus correspondentes descansos (merenda, recreo, hora de ler). O alumnado estará distribuído en 5 mesas de 5 alumnos e alumnas. Os agrupamentos serán heteroxéneos con alumnado dos grupos 5º e 6º cursos de E.P.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ INDICADORES	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN "Observamos"	<ul style="list-style-type: none"> • CA1.1. Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. • CA3.1. Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. 	Observación directa

<p>2.- PLANIFICACIÓN: "A perspectiva"</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. 	<p>Rúbrica.</p>
<p>"Elementos móbiles"</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CA2.3. Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. 	<p>Rúbrica.</p>
<p>"Vídeo de Stop Motion"</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CA3.3. Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. • CA4.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os 	<p>Rúbrica.</p>

	<p>medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.</p> <ul style="list-style-type: none">• CA4.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.• CA4.3. Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.• CA4.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	
--	--	--

<p>3.- EXPOSICIÓN DO TRABALLO: "Visualización dos vídeos creados."</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CA3.6. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. • CA4.5. Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. • CA4.6. Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. 	<p>Observación directa.</p>
---	--	-----------------------------

CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA
<ul style="list-style-type: none"> • Estratexias de recepción activa. • Propostas audiovisuais elementais.

- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais en debuxos.
- Debuxo xeométrico.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Animación.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e gravadas.
- Producións audiovisuais: planificación das fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos diferentes xéneros e formatos.
- Producións multimodais: realización con diferentes ferramentas.
- Técnicas básicas de animación.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en

diferentes espazos culturais e artísticos.

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

ACTIVIDADE	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3
INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN: "Observamos"	Actividade de percepción de imaxes e vídeos relacionados coas técnicas a traballar.	Presentación do proxecto a desenvolver e obxectivos.	
PLANIFICACIÓN: "A perspectiva"	Visualización dun vídeo sobre a perspectiva cun punto de fuga.	Elaboración dunha lámina individual na que representen unha paisaxe tendo en conta a perspectiva.	
"Elementos móbiles"	Elaboración dos elementos a aplicar na lámina previamente seleccionada, en pequeno grupo, para facer o vídeo.		
"Vídeo de Stop Motion"	Instrucións para a realización	Elaboración de fotografías da	Creación do vídeo a través da

	do vídeo.	lámina e o elemento móbil coa cámara do ordenador.	montaxe das fotografías tomadas previamente.
EXPOSICIÓN DO TRABALLO: "Visualización dos vídeos creados."	Visualización en grande grupo dos vídeos realizados.	Reflexión grupal sobre o proceso creativo.	

4.TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA				
ACTIVIDADES	LUGAR DA ACTIVIDADE	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
"Observamos"	Aula de Audiovisuais.	Grande grupo.	Pantalla e proxector da aula.	10 minutos.
PLANIFICACIÓN: "A perspectiva"	Aula de Audiovisuais.	Traballo individual.	Folios en branco, lapis, goma, regras e lapis de cores.	50 minutos
" Elementos móbiles "	Aula de Audiovisuais	Pequeno grupo.	Cartolinas, lapis,	15 minutos.

			goma, tesoiras e lapis de cores.	
"Vídeo de Stop Motion"	Aula de Audiovisuais.	Pequeno grupo.	Ordenadores.	100 minutos.
EXPOSICIÓN DO TRABALLO: "Visualización dos vídeos creados."	Aula de Audiovisuais.	Grande grupo.	Pantalla e proxector.	15 minutos.
Actividade de Reforzo: Realizarase acompañamento na realización da tarefa, redución da complexidade nas instrucións, e aportaranse plantillas para facer a lámina en perspectiva.	Aula de Audiovisuais.	Individual.		Actividade a realizar por aquel alumnado que presenta dificultades para o desenvolvemento da tarefa.
Actividade de Ampliación:	Aula de audiovisuais.	Individual.		Actividade a realizar polos grupos que

Inserción de audio no vídeo final. Incorporación de varios elementos móbiles na realización do vídeo.				remataron as tarefas en menor tempo do establecido.
--	--	--	--	---

5.-AVALIACIÓN		
ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
ALUMNADO (ENSINANZA- APRENDIZAXE)	ESCALA DE VALORACIÓN REXISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA	Como?: mediante a observación directa e sistemática. Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen. Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel nunha reunión de

		avaliación de ámbito final. Farase fincapé nos aspectos positivos.
PRÁCTICA DOCENTE	FICHA RECOLLIDA DE INFORMACIÓN	Como?: cumprimentando a ficha. Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen. Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito, recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel nunha reunión de avaliación de ámbito final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos.

Rúbrica: A perspectiva e elementos móbiles.

Criterios	Excelente (4)	Bo (3)	Suficiente (2)	Insuficiente (1)
Creatividade e Orixinalidade	O deseño é altamente creativo e mostra orixinalidade.	O deseño é creativo e mostra certa orixinalidade.	O deseño é básico.	Falta de creatividade e orixinalidade no deseño.
Composición	O deseño abarca a totalidade da folla ou, polo menos 3/4; e utiliza en todos os elementos a perspectiva.	O deseño abarca a totalidade da folla ou, polo menos 3/4; e utiliza en gran parte dos elementos a perspectiva.	O deseño abarca a metade da folla; e utiliza en gran parte dos elementos a perspectiva.	O deseño abarca menos da metade da folla; e non utiliza a perspectiva no debuxo.
Destreza Técnica	Utiliza o punto de fuga e as liñas do horizonte e de fuga, usa correctamente os instrumentos, e presenta un trazo firme, continuo e homoxéneo.	Utiliza o punto de fuga e deas liñas do horizonte e de fuga, usa correctamente os instrumentos, e presenta un trazo descontinuo e pouco firme.	Utiliza o punto de fuga e deas liñas do horizonte e de fuga, non utiliza correctamente os instrumentos, e presenta un trazo descontinuo e pouco firme.	Non utiliza o punto de fuga nin as liñas do horizonte e de fuga, non utiliza correctamente os instrumentos, e presenta un trazo descontinuo e pouco firme.
Presentación Xeral	O traballo está limpo na súa totalidade, sen sucidade, nin manchas.	O traballo está limpo na súa totalidade pero presenta algún pequeno borrón.	O traballo está parcialmente limpo e sen manchas.	O traballo está sucio e con manchas na súa totalidade.

Comentarios adicionais: (Facilita comentarios específicos sobre o rendemento do estudante, destacando áreas de fortaleza e oportunidades de mellora).

Rúbrica: Vídeo Stop motion

Criterios	Excelente (4)	Bo (3)	Suficiente (2)	Insuficiente (1)
Fotografía	As fotografías non están deformadas e son de moi boa calidade. O encadre recolle perfectamente a escena.	As fotografías non están deformadas e son de boa calidade. O encadre recolle perfectamente a escena.	As fotografías non están deformadas e son de calidade aceptable. O encadre non é o máis axeitado.	As fotografías están deformadas e son de mala calidade. O encadre non é o axeitado.
Imaxes Stop motion	A animación é dinámica e o número de fotografías por segundo é o axeitado. Isto tradúcese nun correcto movemento. A cámara mantense fixa.	A animación é dinámica e o número de fotografías por segundo é o axeitado. Isto tradúcese nun correcto movemento. A cámara non se mantén fixa nalgunhas tomas.	A animación é dinámica e o número de fotografías por segundo é inferior ao necesario. A cámara treme entre toma e toma.	A animación é entrecortada. É necesario un maior número de fotografías por segundo. A cámara non se mantén fixa en ningunha toma.
Montaxe	Organiza e estrutura o vídeo de forma comprensible e transmítese fielmente o que se quere contar. Engade algunha toma que enriquece a montaxe.	Organiza e estrutura o vídeo de forma comprensible e transmítese fielmente o que se quere contar.	Organiza e estrutura o vídeo de forma comprensible pero non se transmite ben o que se quere contar.	A organización e estrutura do vídeo é caótica e pouco comprensible, e non se transmite ben o que se quere contar.
TIC	Usouse unha aplicación ou web axeitada e o vídeo creado aproveita moitas características da aplicación ou web utilizada.	Usouse unha aplicación ou web axeitada e o vídeo creado aproveita varias características da aplicación ou web utilizada.	Usouse unha aplicación ou web axeitada e o vídeo creado aproveita características básicas da aplicación ou web utilizada.	Usouse unha aplicación ou web non axeitada e o vídeo mostra problemas co uso das características da aplicación ou web utilizada.

Comentarios adicionais: (Facilita comentarios específicos sobre o rendemento do estudante, destacando áreas de fortaleza e

oportunidades de mellora).

CRITERIOS E CONTIDOS – RÚBRICA

Traballo en equipo, organización e adquisición das aprendizaxes

ITEMS		4	3	2	1	CRITERIOS DE AV.
TRABALLO EN EQUIPO	A.	ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes as súas.	Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo. LG 5º e 6º: CA2.4, CA2.8 LC 5º e 6º: CA2.8 EPV 5º e 6º: CA1.6, CA2.6
	B.	PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual, durante toda a actividade e con actitude proactiva.	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.	Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.	Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado. CCNN 5º: CA4.4, CA4.5 CCNN 6º: CA4.3, CA4.4 M 5º e 6º: CA2.1, CA3.1, CA5.1, CA6.3, CA6.4 EPV 5º e 6º: CA2.3, CA2.4
	C.	PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuosa e non invasiva.	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.	Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo.	Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece. LG 5º e 6º: CA2.8 LC 5º e 6º: CA2.8 EPV 5º e 6º: CA2.3, 2.4
	D.	RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.	Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter	Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervéen nas quendas doutras persoas. LC 5º e 6º: CA2.3, CA2.4, CA2.8 EPV 5º e 6º: CA1.6, CA2.6

					as quendas de pala- bra.	
ORGANIZACIÓN	E.	ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABA-LLLO	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos im- pre- vistos e respectando os acordos do equipo.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións.	Cústalle seguir o paso a paso das actividades e cumprir os acordos do equipo. CCNN 5º: CA4.4, CA4.6 CCNN 6º: CA4.3, CA4.5 EPV 5º e 6º: CA2.3
	F.	É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS	É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir destes.	É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.	É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos.	Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos. CCNN 5º: CA1.1, CA1.2, CA1.3, CA1.4, CA2.3 CCNN 6º: CA1.1, CA1.2, CA1.3, CA1.4 EPV 5º e 6º: CA1.1, CA1.5
	G.	É QUEN DE COMPRENDER UN TEXTO ESCRITO OU ORAL	É quen de comprender un texto escrito e un oral sen apoio, identificar a información precisa e sintetizala de xeito coherente.	É quen de comprender a maior parte dun texto escrito e un oral sen apoio e identificar a información precisa.	É quen de comprender un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de comprender un texto escrito e mostra dificultades cun oral. LG 5º e 6º: CA2.1, CA3.2, CA4.1, CA4.2 LC 5º e 6º: CA2.1, CA4.1, CA4.2 EPV 5º e 6º: CA1.3
COMPREENSIÓN, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES	H.	É QUEN DE PRODUCIR UN TEXTO ESCRITO ORAL	É quen de producir un texto escrito e un oral coherente, axeitado comunicativamente e planificado.	É quen de producir un texto escrito e un oral, case sen apoio, coherente e axeitado comunicativamente.	É quen de producir un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de producir un texto escrito e mostra dificultades cun oral. LG 5º e 6º: CA2.3 LC 5º e 6º: CA2.3, CA3.6, CA3.7 EPV 5º e 6º: CA1.2, CA2.5

DESEÑO DA TAREFA -ficha de recollida de información

	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características do contexto real da aula.		
A tarefa respecta a atención á diversidade.		
Os obxectivos foron axeitados para ser acadados con éxito.		
Os obxectivos propostos foron acadados.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación foron prácticos e eficaces.		
Os recursos empregados foron axeitados á tarefa planificada. A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
A linguaxe empregada no deseño e planificación da tarefa foi a adecuada.		
A tarefa deseñada e planificada está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		

Avaliación da PRÁCTICA DOCENTE– LISTA DE COTEXTO

	SI	NON
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Consegiuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
A temporalización das actividades foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Respondeuse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadoras para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
O produto final da tarefa resultou significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		